

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL E DEPORTE

2798 *Real decreto 99/2009, do 6 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do sistema para a autonomía e atención á dependencia garantido pola Administración xeral do Estado.*

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (en diante Lei 39/2006) establece no seu artigo 7 que a protección da situación de dependencia se prestará de acordo cos seguintes niveis de protección: un nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado, un nivel de protección acordado entre a Administración xeral do Estado e cada unha das comunidades autónomas e un nivel adicional que poden establecer, pola súa parte, as comunidades autónomas con cargo aos seus orzamentos.

O artigo 9 da Lei 39/2006 dispón que o Goberno, oído o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, determinará o nivel mínimo de protección garantido para cada un dos beneficiarios do sistema, segundo o grao e nivel da súa dependencia, como condición básica de garantía do dereito á promoción da autonomía persoal e atención á situación de dependencia. No seu número 2 establece que o financiamento público deste nivel de protección será por conta da Administración xeral do Estado.

En desenvolvemento do anterior aprobouse o Real decreto 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia garantido pola Administración xeral do Estado (en diante Real decreto 614/2007).

O artigo 3.1 do Real decreto 614/2007 determina que o nivel mínimo de protección da situación de dependencia se garante mediante a fixación dunha cantidade económica que a Administración xeral do Estado achega ao financiamento do sistema por cada un dos beneficiarios recoñecidos como dependentes segundo o seu grao e nivel para as prestacións de dependencia previstas no seu programa individual de atención.

O artigo 3.5 do Real decreto 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia garantido pola Administración xeral do Estado, establece o procedemento mediante o cal a Administración xeral do Estado fará efectiva ás comunidades autónomas a súa achega económica en concepto de nivel mínimo de protección.

Concretamente, determínase que a Administración xeral do Estado fará efectivas ás comunidades autónomas as cantidades que procedan en función do número de beneficiarios recoñecidos en situación de dependencia con dereito a prestacións, tendo en conta para isto o seu grao e nivel e a data de efectividade do seu recoñecemento, a través da conexión á rede de comunicacións e servizos telemáticos do sistema.

Como consecuencia do proceso constante de autoavaliación a que se vén sometendo a actuación do Administración xeral do Estado e con obxecto de mellorar a eficacia e eficiencia no cumprimento da súa obrigaçión de contribuír ao Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia mediante o nivel mínimo de protección garantido, introdúcense melloras no procedemento de libramento dos fondos ás comunidades autónomas.

Este real decreto foi sometido á consulta do Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, do Consello Estatal de Persoas Maiores, do Consello Nacional da Discapacidade e do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social, e recibíuse informe do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Política Social e Deporte, co informe do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia garantido pola Administración xeral do Estado.*

O Real decreto 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia garantido pola Administración xeral do Estado, queda modificado como segue:

Un. O número 5 do artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«5. As achegas da Administración xeral do Estado en concepto de nivel mínimo de protección garantido para cada beneficiario quedan condicionadas ao cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e, en calquera caso, aos seguintes:

a) Que o procedemento de recoñecemento da situación de dependencia fose iniciado por solicitude do interesado ou de quen exerza a súa representación.

b) Que a valoración da situación de dependencia se realizase mediante a aplicación dos mecanismos establecidos no Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, non sendo posible determinar o grao e nivel de dependencia mediante outros procedementos distintos aos establecidos no citado real decreto.»

Dous. Engádesse un novo artigo 4, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Momento e forma de libramento do nivel mínimo de protección.*

1. A Administración xeral do Estado fará efectivas ás comunidades autónomas as cantidades que procedan en concepto de nivel mínimo de protección garantido en función do número de beneficiarios recoñecidos en situación de dependencia con dereito a prestacións, tendo en conta para isto o seu grao e nivel e a data de efectividade do seu recoñecemento.

2. Os créditos necesarios para esta finalidade libranse mensualmente por doceavas partes segundo o número de beneficiarios con dereito a prestación, a partir da resolución pola que se fixa o programa individual de atención e se determina a correspondente prestación, e procederase á súa regularización con carácter trimestral.

3. Para isto, as comunidades autónomas informarán a Administración xeral do Estado das resolucións de recoñecemento adoptadas, con expresa indicación do grao e nivel dos beneficiarios, e dos programas individuais de atención aprobados, a través da conexión á rede de comunicacións e servizos telemáticos do sistema.

4. A Administración xeral do Estado fará efectivas ás comunidades autónomas as cantidades que procedan a partir da data de efectos da prestación que se determinase na resolución correspondente ao programa individual de atención. Non obstante, cando se recoñezan servizos cunha data anterior á aprobación do programa individual de atención, o libramento dos créditos correspondentes a este período quedará condicionado á acreditación da solicitude de recoñecemento do dereito e da efectiva prestación do servizo.

5. Cando entre a data de efectos do servizo ou da prestación económica e a data da resolución pola que se fixa o programa individual de atención e se determina a correspondente prestación transcorrese máis dun ano, e a causa deste atraso resulte imputable á comunidade autónoma, o momento e a forma do libramento pola Administración xeral do Estado das cantidades correspondentes ás prestacións e servizos anteriores á data da resolución aprobatoria do Programa Individual de Atención poderá quedar condicionado ás dispoñibilidades orzamentarias do exercicio.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilítase o titular do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Política Social e Deporte,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO.